

## PEZA DO MES

maio

1999



### GUERREIRO DA CIBDÁ DE ARMEA, ALLARIZ.

GUERREIRO, DO CONXUNTO ARQUEOLÓXICO DA CIBDÁ DE ARMEA, ALLARIZ (OURENSE), NO QUE SE PODEN DISTINGUIR CLARAMENTE OS ATRIBUTOS ICONOGRÁFICOS PROPIOS DA FIGURA DUN GUERREIRO. CARACTERÍSTICA DA CULTURA CASTREXA GALAICO-PORTUGUESA





## GUERREIRO DA CIBDÁ DE ARMEÁ, ALLARIZ.

As figuras de guerreiros conforman unha das manifestacións máis atractivas dentro da estatuaria exenta na cultura galaico-portuguesa. O afán artístico fai que nos preguntemos con máis detemento ¿a que responde realmente a figura dun guerreiro?.

Plasticamente é unha figura masculina de vulto redondo que leva atributos militares. Dende o punto de vista estilístico, trátase de pezas monumentais tremendamente hieráticas, cunha enorme rixidez, proporcionada tal vez pola ausencia dunha técnica precisa, marcada frontalidade e cos brazos totalmente pegados ó corpo.

A figura aquí representada, coñecida como **guerreiro nº1 de Armea** porque apareceu preto do castro do citado nome, no concello de Allariz, aínda que soamente se conserva o torso, algo mutilado e cortado xusto por debaixo

do cinto, ten as características iconográficas de tódalas estatuas de guerreiros galaicas: figura ergueita cos brazos achegados ó corpo (malia que o esquerdo está mutilado xusto por debaixo dos brazaletes), a man dereita repousa nun escudo ou *Caetra*, redondo e sen sinais de inscricións nin ornamentacións, mentres que sostén unha espada de folla ancha e alongada. Leva unha coiraza, da que desapareceron os bicos superiores e unha liña vertical moi esvaecida percorre e marca o centro do peito e as costas. O cinto está formado por dous baquetóns ou toros lisos.

A maior parte das estatuas, ou os anacos delas, foron atopadas fóra de contexto, moitas veces servindo como material constructivo, reempregado en casas, muros, etc. Este é o caso da peza estudada. O seu descubridor, Conde Valvís, acordase de vela sendo neno xunto coa súa compañeira, aparelladas a modo de atlantes enriba da varanda da solaina dunha casa en Outeiro de Laxe. Anos máis tarde, na súa procura, atopouna servindo como tapadeira nunha canle de auga, o que provocou a



PARTE POSTERIOR DO GUERREIRO

súa erosión na zona inferior das costas. Os vellos tamén recordan como os nenos do lugar xogaban cunha cabeza de pedra de factura semellante que na actualidade non se conserva, pero que posiblemente pertencese a esta escultura. O feito de que se atoparon catro



GUERREIRO DE ARMEA DETALLE

exemplares con cabeza (dúas en Lezenho, Capeludos e outra en Sanfíns) fai que non se desbote esta idea.

Cronoloxicamente as figuras de guerreiros, atopadas na maioría dos casos de maneira casual, van sempre asociadas a algún material, neste caso o escavador da Cibdá de Armea dálle unha cronoloxía ó conxunto de todo o xacemento que abrangue dende o S.II a. C. ata o S. V d. C. Hoxe en día e considerando a tesis defendida polo historiador Calo Lourido, sábese que estas estatuas que se atoparon nun contexto definido, podendo ser adscritas a un castro en concreto pertencen ó S. I d. C., xa que a plástica castrexa florece arredor do cambio de era, e estas pezas fixéronse baixo a dominación romana, no momento do máximo desenvolvemento dos castros. Roma non soamente o permitiu, senón que incluso inspirou e potenciou a súa execución, xa que interesaba nos plans de asimilación.

As pervivencias presentes nestas manifestacións artísticas teñen a súa orixe no

Mediterráneo. A escultura do S. I a. C. e a do S.I d. C. viuse arrastrada pola influencia da escultura grega, xa fose de maneira directa, a partir dos centros helenísticos ou indirectamente, a partir da arte etrusca e a grega da Italia meridional. A rixidez, hieratismo e a rusticidade nas formas son patentes nas figuras dos *Kuroi* gregos, e mesmamente nas estatuas funerarias exipcias. No contexto das estatuas castrexas, contamos con paralelismos entre as figuras dos guerreiros e os sedentes (mesmos vestiarios e aderezos persoais, feitura rústica e semellantes na súa factura).

Dada xa a súa cronoloxía, podemos teorizar sobre as funcións destas estatuas. A pesar das diversas opinións dadas polos historiadores como Hubner, Murguía, Leite de Vasconcelos, Cuevillas e outros, pódense sintetizar:

Funerarias; o feito de que en algunhas se atopasen inscricións con fórmulas epigráficas deste tipo así o fan pensar. Xenios tutelares das cidades, heroes epónimos dos castros, heroes divinizados, votivas, honoríficas, deuses bélicos, consagración dos xefes ou guerreiros mortos, heroes galaicos, príncipes ou heroes locais que loitaban nas tropas auxiliares romanas. O feito de que se atopasen ás veces os pares, como no caso de Armea, fai pensar que se situaban nas entradas dos castros.

A última pregunta que nos pode xurdir agora é ¿porque se deixan de facer as estatuas de guerreiros nos fins do século I d. C. Profundas transformacións na época Flavia, o castrexo está moito máis romanizado, os castros perden vitalidade ou desaparecen como núcleos habitacionais, as vilas comezan a construírse, mesmo ó pe dos castros desaparecen as fórmulas para sinalar a “orixe”. Roma consegue o seu propósito de aculturación e ó deixar de funcionar o castro como núcleo integrador e definidor, o guerreiro castrexo e a súa estatua deixan de ter sentido.





## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h, os domingos só pola mañá.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Milagros Conde Sánchez. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. DEPOSITO LEGAL.: VG-40-1999



CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99  
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

